

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN DE MATERIA PENDENTE.**XEOGRAFÍA E HISTORIA****PRIMEIRO E TERCEIRO DE ESO.****INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

En cada avaliación empregaremos como instrumentos de avaliación os seguintes:

a) **exames de avaliación:** alomenos dúas probas escritas por avaliación, nos que se recollan cuestións sobre os contidos e competencias traballados e que se basearán nos criterios de avaliación das unidades avaliadas, tendo como finalidade coñecer o nivel de adquisición dos estándares de aprendizaxe traballados e o desenvolvemento das competencias básicas relacionadas cos estándares.

En cada proba figurará a puntuación que se lle vai dar a cada cuestión, esta darase cun número entre 0 e 10 podendo levar decimais.

Probas de resposta restrinxida, como definir conceptos, responder a preguntas brevemente, analizar gráficos, interpretar e realizar mapas físicos e políticos, nas que o alumnado deberá demostrar se asimilou os contidos e as competencias.

Nas probas deberán demostrar os estándares de aprendizaxe referidos aos temas de cada trimestre e as competencias.

b) **libreta:** no caderno do alumnado deben estar consignadas puntualmente todas as actividades da aula: síntesis teórica, exercicios de repaso/ reforzo como realización de mapas, pirámides de poboación, eixes cronolóxicos, comentarios gráficos ou textuais, etc.

c) Realización de traballos persoais ou de grupo realizados en cada avaliación.

d) controis-exercicios de reforzamento dos contidos traballados, e que realizados cada pouco tempo sirvan para controlar con maior periodicidade o traballo, dificultades, esforzo e rendemento do alumnado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Para superar con éxito cada avaliación o alumno debe obter 5 ou máis de 5 (ata un máximo de 10) despois de facer a suma dos seguintes elementos:

- A cualificación numérica obtida da media das probas que traten sobre os contidos e competencias e dos controis de cada unidade: 70%.

- A realización de traballos e actividades feitas tendo en conta a calidade, coidado na presentación de traballos, entrega puntual dos mesmos: 25%.

- unha serie valores, actitudes e normas observadas na clase como a actitude e/ou interese pola materia, os compañeiros, o profesor, participación, e tamén respecto polo traballo e as opinións dos demais, especialmente ó realizar actividades en equipo: 5%.

Para superar con éxito o curso, o alumnado ten que obter unha cualificación de 5 ou máis, logo de sumar o resultado das avaliacións da seguinte forma: 30% da cualificación da primeira avaliación +30% da cualificación da segunda avaliación + 40% da cualificación da terceira avaliación.

CUALIFICACIÓNS DE XUÑO

No caso de que o/a alumno/a teña unha cualificación negativa (inferior a 5) deberá presentarse ó exame de setembro con toda a materia.

ACTIVIDADES DE REFORZO

RECUPERACIÓN NO CURSO

No caso de non acadar os obxectivos, coñecementos e competencias, o alumno/a deberá recuperar a materia a través da realización dunha proba escrita ou de traballos referidos aos contidos non acadados.

Esta proba farase despois de realizar cada sesión de avaliación correspondente á primeira e segunda avaliación.

Aqueles alumnos/as que despois de realizar a terceira avaliación non acadaran unha cualificación mínima dun 5 terán que realizar, a criterio do profesorado, unha proba final sobre os contidos vistos no curso e/ou a entrega dos traballos correctamente realizados para aprobar o curso.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

No caso de non acadar unha cualificación igual ou superior a 5 na sesión de avaliación ordinaria de xuño, os/as alumnos/as deberán facer unha proba extraordinaria en setembro, na que deberán examinarse de toda a materia.

A proba de setembro consistirá en contestar a unha serie de cuestións referidas aos estándares de aprendizaxe do curso.

Ademais terán que realizar un traballo ó longo do verán que terá un valor do 25% da nota, dependendo da calidade do traballo.

Para acadar unha avaliación extraordinaria de setembro positiva, o/a alumno/a deberá obter nela unha cualificación igual ou superior a 5, ó realizar a suma dos dous apartados anteriores.